

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidenta:

D.^a Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

D.^a Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:15 horas do día 27 de novembro de 2014, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, D.^a Ana Ledo Fernandez

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/10/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/10/2014.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO PROGRAMA SOCORRISMO 2014

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico, con rexistro de entrada neste concello co nº 2582 en data 24/11/2014, no que se comunica a resolución de aprobación da conta xustificativa do pagamento subvención do programa de socorrismo durante o exercicio 2014 :

Importe concedido: 2.823,00€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA 2014

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico, con rexistro de entrada neste concello co nº 2605 en data 26/11/2014, no que se comunica a resolución de aprobación da conta xustificativa do pagamento subvención de actividades de promoción económica exercicio 2014 :

Importe concedido: 1.099,60€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECCIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES RESOLUCIÓN DA APROBACIÓN DO PAGAMENTO ACTIVIDADES CULTURAIS 2014

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Deputación Provincial da Coruña, Sección de Educación, Cultura e Deportes, con rexistro de entrada neste concello co nº 2604 en data 26/11/2014, no que se comunica a resolución de aprobación da conta xustificativa do pagamento subvención de actividades culturais 2014 :

Importe concedido: 3.197,70€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS RESOLUCIÓN PAGO DO 100% CONVENIO COLABOARACIO PARA SUBMINISTRO DE CONTEDORES PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE LIXO

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, con rexistro de entrada neste concello co nº 2574 en data 21/11/2014, no que se notifica a resolución de aprobación do pago do 100% do convenio para o subministro de contedores para recollida selectiva de lixo no Concello por importe de 5.000,00€.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DE SOGAMA SOBRE CANON 2015

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Sociedade Galega do Medio Ambiente, con rexistro de entrada neste concello co nº 2478 en data 10/11/2014, no que se comunica que o canon a aplicar a partir do 1 de xaneiro de 2015 é de 67,18€ máis IVE.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR RESOLUCIÓN DE PAGAMENTO MANTEMENTO DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE BOIMORTO.

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Consellería do Medio Rural e do Mar, rexistro de entrada neste concello co nº 2493 en data 13/11/2014, no que se notifica o pagamento e devolución de facturas orixinais do proxecto Mantemento de camiños no Concello de Boimorto por importe de 23.427,80€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO DE REINTEGRO PARA A SUBVENCIÓN DE CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL 2009

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada neste concello co nº 2531 en data 18/11/2014, no que se comunica o acordo do reintegro parcial da axuda concedida para a contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local:

Subvención concedida: 26.900,00€

Importe total subvencionables: 25.300,31€

Importe a reintegrar: 1.599,69€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO DE REINTEGRO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS PARA O SERVIZO DE DINAMIZACIÓN AGRÍCOLA-GANDEIRA 2009

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada neste concello co nº 2477 en data 10/11/2014, no que se comunica o acordo do reintegro parcial da axuda concedida para a contratación de 6 persoas desempregadas para a realización do servizo “Dinamización agrícola-gandeira”:

Subvención concedida: 60.621,12€

Subvención aboada: 60.396,60

Xustificado pola entidade: 60.019,39€

Importe a reintegrar: 377,21€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL 3º TRIMESTRE

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada neste concello co nº 2551 en data 19/11/2014, no que se comunica a cantidade a liquidar e transferir pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia), correspondente o 3º trimestre de 2014:

acordo do reintegro parcial da axuda concedida para a contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local:

Mes de xullo: 7.536,90€

Mes de agosto: 7.536,90€

Mes de setembro: 7.536,90€

Total nómina neta 3º trimestre: 22.610,70€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.2.- PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA D. JOSE BALADO CASAL

Vista a solicitude presentada por D. José Balado Casal, con DNI núm. 76514858E actuando en representación da Federación de Caza e con domicilio a efectos de notificacións en Lugar Queis Montaos, 24 A Zanca Ordes, nº rexistro de entrada 2440 do 06/11/2014 sobre solicitude de autorización para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 10 de xaneiro de 2015, en horario de 14:00 a 20:00 horas sen alumeado, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras propiedade do concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. José Balado Casal, con DNI núm. 76514858E e con domicilio a efectos de notificacións en Lugar Queis Montaos, 24 A Zanca Ordes, para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 10 de xaneiro de 2015, en horario de 14:00 a 20:00 horas sen alumeado, sendo o período de ocupación do pavillón de 6 horas, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras, condicionando a autorización a:

1º.- A presente autorización abrangue das 14:00 horas ás 20:00 horas do día 10 de xaneiro do 2015, quedando o autorizado baixo as instrucións que lle imparta o persoal do concello responsable do polideportivo municipal en materia de utilización do mesmo.

2º.- O solicitante queda responsabilizado da utilización das mesas e cadeiras que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

3º.- O autorizado, ó rematar a actividade, deberá deixar as instalacións municipais nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal, que ascende á cantidade de CENTO OITO EUROS (108,00 €), ao abeiro do disposto no artigo 6º.c) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sen este requisito esa autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 10/2014

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2494, con data 13/11/2014, presentada por Dna. Anna Marie Thomson, DNI núm. X5772093J, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Casanova, 9, Arceo 15818 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Casanova, 9, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

Advirte a Secretaria que está explotación conta con licenza provisional pero non con licenza definitiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Anna Marie Thomson, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Casanova, 9, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmobles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, legalidade por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 6 de novembro de 2014 (RE núm. 2454) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José Balado Bodelo
DNI:	33132890X
Domicilio:	Lg. Cabana, 4 Buazo 1518 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Retirada de terra ó carón do alpendre
Situación:	Lg. Cabana 4 Buazo - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	15010A505000310001KZ
Orzamento de execución:	200,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 26 de novembro de 2014

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 200,00 Euros

Liquidación 2%: **4,00 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Balado Bodelo indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 13/2014) PARA PINTADO DE PARAMENTOS VERTICAIS EXTERIORES DA VIVENDA SITA NO LUGAR DE CANTO DO BALO 22 ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. Mª JOSEFINA FERNÁNDEZ REGUEIRA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dna. Mª Josefina Fernández Regueira, con DNI núm. 76475441G, e con domicilio para os efectos de notificacións no número 22 do lugar de Canto do Balo parroquia de Arceo do Concello de

Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co núm. 2145 de data 23/10/2013 para pintado de paramentos verticais exteriores da vivenda sita no lugar de canto do Balo 22 Arceo (Boimorto) cunha superficie de 219 m2 acompañando unha memoria descriptiva das obras.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 26/11/2014 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural, coa ordenanza de orixinario disperso, estando afectada pola liña límite de edificación da estrada provincial DP-1004.

Visto a autorización para realizar as obras da Deputación Provincial da Coruña de data 14/11/2014 no que se sinalan as condicións técnicas e preventivas para a realización das obras.

Visto informe de secretaría de data 27/11/2014 e as advertencias nel contidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. Mª Josefina Fernández Regueira, con DNI núm. 76475441G (LO 13/2014) para o pintado de paramentos verticais exteriores da vivenda sita no lugar de canto do Balo 22 Arceo (Boimorto) cunha superficie de 219 m2.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras a realizar consisten no pintado de paramentos verticais exteriores da vivenda:

A pintura será en tons próximos ó branco, pardo ou crema e en calquera caso, semellantes ó empregados no lugar.

.- As obras non afectarán a elementos estruturais, nin suporán variación do volume total da edificación.

.- Deberanse cumprir as condicións impostas na autorización da Deputación Provincial da Coruña.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: **1.745,43 €uros.**

Liquidación 2%: **34,91€uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Mª Josefina Fernández Regueira, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.2.-OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ANDABAO, ARCEO E BUAZO. EXPEDIENTE CSPNSP 4/2014

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos para a execución da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo” expediente COPNSP 4/2014; no que se declara como oferta económica máis ventaxosa por Decreto da Alcaldía nº 449/2014 de data 11/11/2014 a presentada por Antonio Filloy S.A., en cumprimento do disposto no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, acordo que se transcribe literalmente:

<<Decreto: 449 / 2014 Data decreto: 11/11/2014 Descrición decreto: Oferta económica máis ventaxosa da obra de Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo incluída no Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos. Expte. COPNSP 4/2014.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa obra subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña no Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos para a execución da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo” (expte. COPNSP 4/2014).

Aprobado dito expedinete por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 25/09/2014, constando no expediente informe de Secretaría-Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de intervención en relación á aplicación orzamentaria do orzamento municipal para a anualidade 2014 155.63152 cun orzamento de execución por contrata de 62.154,31 Euros IVE incluído (valor estimado 51.367,20 Euros máis 10.787,11 Euros en concepto de IVE de 21%).

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 30/10/2014, onde se acorda remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B para emisión do informe técnico de valoración, informe que se emite con data 07/11/2014 e que se transcribe a valoración:

<<INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN OFERTAS (SOBRE B-REFERENCIAS TÉCNICAS)

EMPRESA	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.	MARTINEZ MONTES E HHIJOS, L.	ANTONIO FILLOY, S.A
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL			
A) PROGRAMA DE TRABAJO (de 0 a 0,50 puntos)	0,50	0,50	0,50
B) PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 0,50 puntos)	0,35	0,10	0,50
C) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 19 puntos)	0,35 0,00 0,00	0,00 0,00 0,00	3,00 5,00 9,00
D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 13 puntos)	6,50	0,00	10,00
B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO			
PROPOSTA DE REDUCCIÓN DE PLAZOS DE EXECUCIÓN (de 0 a 10 puntos)	1,00	1,00	4,00
SUMA TOTAL	8,65	1,60	32,00

Aperturados os sobre C que conteñen as ofertas económicas das tres empresas, compróbase que o único licitador que realiza baixa é Antonio Filloy, S.A por importe de 81,31 Euros en relación co prezo de licitación quedando o importe de adjudicación en 62.073,00 Euros ive incluído, acadando a puntuación de oferta económica o seguinte resultado:

Puntuación sobre C Construcciones González y González, S.A. = 0 puntos.

Puntuación sobre C Martínez Montes e Hijos, S.L. = 0 puntos.

Puntuación sobre C Antonio Filloy, S. A. = 0,31 puntos.

Vistos os criterios de adjudicación recollidos nos pregos que reñen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por acordo da Xunta de Goberno Local de 25/09/2014, vista a valoración que consta en informe técnico de data 07/11/2014 por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A adjudicataria do servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello e valorando a oferta económica a puntuación total que obtén cada licitador é a seguinte:

Total puntuación Construcciones González y González, S.A. = 8,65 puntos.

Total puntuación Martínez Montes e Hijos, S.L. = 1,60 puntos.

Total puntuación Antonio Filloy, S.A. = 32,31 puntos.

En aplicación do artigo 14 da Lei 30/1992, avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía Presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por Decreto nº 201/2011 con data 27/06/2011, **RESOLVO: PRIMEIRO.-** Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por **Antonio Filloy, S.A** con CIF A36016665, para contratación da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo” por procedemento

negociado sen publicidade (expte. COPNSP 4/2014) a executar segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 en abril 2014 cun orzamento de execución segundo o prezo ofertado por Antonio Filloy, S.A de 62.073,00 €uros (prezo sen iva = 51.300,00 € máis 10.773,00 € en concepto de IVE de 21%), obra a executar en 55 días naturais.

SEGUNDO.- Requerir a Antonio Filloy, S.A. para que en aplicación do previsto no artigo 151 do TRLCSP, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requerimento presente a seguinte documentación xustificativa esixida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas que rixe a contratación, consistente en:

- a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe de 2.565,00 €uros (5% **importe de adjudicación sen IVE**), por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.
- c) Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Así mesmo, en aplicación do Anexo V do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares deberá acreditar ante o órgano de contratación posesión e validez dos documentos esixidos no sobre "A" cláusula 12 que inicialmente foi substituída por declaración responsable.

Advertíndolle que, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde en que quedaran clasificadas as ofertas, tal e como prescribe o artigo 151.2, parágrafo final, TRLCSP.

Boimorto once de novembro de dous mil catorce

A Alcaldesa
Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Perante min:
A secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

Resultando que a empresa Antonio Filloy S.A. constituíu garantía definitiva por importe de 2.565,00 €uros mediante aval de Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. NIF A48265169 inscrito no Rexistro especial de avais baixo o número 0182000823929 e presentou os documentos xustificativos esixidos.

De conformidade co establecido os artigos 151.4, 154 e 156 do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 30/1992 avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía Presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por decreto nº 201/2011 con data 27/06/2011, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Adjudicar á empresa Antonio Filloy S.A., CIF: A36016665, con domicilio en Estrada da Mota, 10 15817 Boimorto, A Coruña a contratación convocada mediante procedemento negociado sen publicidade para a execución da obra Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo COPNSP 4/2014 por importe de 62.073,00 €uros (prezo sen IVE = 51.300,00 € máis 10.773,00 € en concepto de IVE de 21%), obra que terá que executar no prazo de 55 días naturais, conforme os termos da oferta presentada polo contratista, considerada como a máis ventaxosa.

SEGUNDO.- Notificar esta adjudicación ó/s interesado/s indicando que o adjudicatario terá un prazo de quince días hábiles dende o día seguinte ao da recepción da notificación da adjudicación definitiva para a formalización do contrato en documento administrativo.

TERCEIRO.- Nomear como director da obra a D. Ángel Delgado Cid, Colexiado nº 4.657.

CUARTO.- Certificación deste acordo cólquese no perfil do contratante desta administración.

4.2.2.- ADJUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA MELLORA CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE BRATES, CARDEIRO, SENDELLE, BOIMORTO, OS ÁNXELES E CORNEDA DO CONCELLO DE BOIMORTO. EXPEDIENTE CSPNSP 5/2014

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña no Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos para a execución da obra "Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro,

Sendelle, Boimorto Os Ánxeles, e Corneda expediente COPNSP 5/2014; no que se declara como oferta económica máis ventaxosa por Decreto da Alcaldía nº 450/2014 de data 11/11/2014 a presentada por Antonio Filloy S.A., en cumprimento do disposto no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, acordo que se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 450 / 2014 **Data decreto:** 11/11/2014 **Descrición decreto:** Oferta económica máis ventaxosa da obra de Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Os Ánxeles e Corneda incluída no Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos. Expte. COPNSP 5/2014

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa obra subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña no Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos para a execución da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Os Ánxeles e Corneda. (expte. COPNSP 5/2014).

Aprobado dito expedinete por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 25/09/2014, constando no expediente informe de Secretaría-Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de intervención en relación á aplicación orzamentaria do orzamento municipal para a anualidade 2014 155.63153 cun orzamento de execución por contrata de 74.486,04 €uros IVE incluído (valor estimado 61.558,71 €uros máis 12.927,33 €uros en concepto de IVE de 21%).

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 30/10/2014, onde se accorda remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B para emisión do informe técnico de valoración, informe que se emite con data 07/11/2014 e que se transcribe a valoración:

<<INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN OFERTAS (SOBRE B-REFERENCIAS TÉCNICAS)

EMPRESA	CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ, S.L.	MARTINEZ MONTES E HHIJOS, L.	ANTONIO FILLOY, S.A.
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL			
A) PROGRAMA DE TRABAJO (de 0 a 0,50 puntos)	0,35	0,01	0,50
B) PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 0,50 puntos)	0,35	0,00	0,50
C) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 19 puntos)	0,35	0,00	3,00
	0,00	0,00	5,00
	0,00	0,00	9,00
D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 13 puntos)	10,00	0,00	10,00
B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO			
PROPOSTA DE REDUCCIÓN DE PLAZOS DE EXECUCIÓN (de 0 a 10 puntos)	1,00	1,00	4,00
SUMA TOTAL	12,05	1,01	32,00

Aperturados os sobre C que conteñen as ofertas económicas das tres empresas, compróbase que o único licitador que realiza baixa é Antonio Filloy, S.A por importe de 80,04 €uros en relación co prezo de licitación quedando o importe de adjudicación en 74.406,00 €uros ive incluído, acadando a puntuación de oferta económica o seguinte resultado:

Puntuación sobre C Construcciones González y González, S.A. = 0 puntos.

Puntuación sobre C Martínez Montes e Hijos, S.L. = 0 puntos.

Puntuación sobre C Antonio Filloy, S. A. = 0,26 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por acordo da Xunta de Goberno Local de 25/09/2014, vista a valoración que consta en informe técnico de data 07/11/2014 por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A adxudicataria do servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello e valorando a oferta económica a puntuación total que obtén cada licitador é a seguinte:

Total puntuación Construcciones González y González, S.A. = 12,05 puntos.

Total puntuación Martínez Montes e Hijos, S.L. = 1,01 puntos.

Total puntuación Antonio Filloy, S.A. = 32,26 puntos.

En aplicación do artigo 14 da Lei 30/1992, avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía Presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por Decreto nº 201/2011 con data 27/06/2011, **RESOLVO:**
PRIMEIRO.- Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por **Antonio Filloy, S.A** con CIF A36016665, para contratación da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Os Ánxeles e Corneda” por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP 5/2014) a executar segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 en abril 2014 cun orzamento de execución segundo o prezo ofertado por Antonio Filloy, S.A de 74.406,00 €uros (prezo sen iva = 61.492,56 € máis 12.913,44 € en concepto de IVE de 21%), obra a executar en 55 días naturais.

SEGUNDO.- Requerir a Antonio Filloy, S.A. para que en aplicación do previsto no artigo 151 do TRLCSP, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requerimento presente a seguinte documentación xustificativa esixida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas que rixe a contratación, consistente en:

- a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe de 3.074,63 €uros (5% **importe de adxudicación sen IVE**), por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.
- c) Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Así mesmo, en aplicación do Anexo V do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares deberá acreditar ante o órgano de contratación posesión e validez dos documentos esixidos no sobre “A” cláusula 12 que inicialmente foi substituída por declaración responsable.

Advertíndolle que, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde en que quedaran clasificadas as ofertas, tal e como prescribe o artigo 151.2, parágrafo final, TRLCSP.

Boimorto once de novembro de dous mil catorce

Perante min:

A Alcaldesa

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

Resultando que a empresa Antonio Filloy S.A. constituíu garantía definitiva por importe de 3.074,63 €uros mediante aval de Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. NIF A48265169 inscrito no Rexistro especial de avais baixo o número 0182000823931 e presentou os documentos xustificativos esixidos.

